



APRENDE A APRENDER

Lembra facer o esquema desta unidade no teu caderno.


Tamén o podes realizar no ordenador co programa

SMARTTOOLS.

Facer fichas sobre un tema

As fichas son papeis ou cartolinas do mesmo tamaño en que escribimos o significado de palabras ou outros datos importantes que queremos lembrar ou consultar con rapidez.

Algúns contidos préstanse especialmente para ser estudados mediante fichas, por exemplo, o sistema solar, os tipos de paisaxes ou as idades da historia. Algúns destes contidos estudaralos en próximas unidades.



Título ou palabra que identifica o contido.

Pódese engadir un debuxo importante.

- 1 Realiza unhas fichas co contido desta unidade.



LEMBRAS?

- 2 Cal é o planeta máis próximo ao Sol? Por que non poderíamos vivir alí?
- 3 Cal dos dous movementos da Terra aparece representado neste debuxo?



- 4 Por que se producen as estacións?

- 5 Observa a fotografía e responde as seguintes preguntas.

- a. Que son as fases lunares?
- b. En que fase se atopa a Lúa da fotografía?
- c. Se unha noite non vemos a Lúa, en que fase está?



- 6 Cantos meses ten o ano? Cantos días teñen os meses?